



**ORDENANZA FISCAL NUMERO 38,**

**REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO PUNTO LIMPO.**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No exercicio da potestade tributaria outorgada con carácter xeral polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, 106 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a que, en particular, concede respecto das taxas o artigo 58 da lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola prestación do servizo de punto limpo, baseándose en que se trata da prestación dun servizo público e/ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refire, afecta ou beneficia de xeito particular ó suxeito pasivo e non é prestado polo sector privado.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de punto limpo que inclúe os servizos de recollida, depósito, tratamento e eliminación dos residuos tanto sólidos coma líquidos, respecto daqueles que se consideren admitidos.

Consideranse residuos non admitidos os seguintes:

Residuos solidos urbanos

Grandes envases de tóxicos (aqueles de capacidade superior a 30 kgs.)

Residuos infecciosos (hospitalarios, etc.)

Residuos radiactivos (pararraios)

Residuos por xunto (os municipais ou asimilables, os voluminosos e os tóxicos admisibles cando teñan un peso de mais de 25 ks.)

En xeral, todos aqueles non incluídos na lista dos residuos admisibles

Naqueles supostos nos que se considere conveniente, poderán celebrarse convenios, tanto con outras administracións públicas como con empresas privadas, que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica ou situación física do termo municipal resulten beneficiosos para a prestación do servizo.

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da lei tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo, coa salvedade do disposto no artigo seguinte.

**ARTIGO 4. SUPOSTOS DE NON SUXECION**

Os usuarios do servizo que estean empadroados no Municipio de Viveiro e ó corrente no pago dos tributos municipais non estarán suxeitos ó pago da taxa.

**ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.**

A cota tributaria virá determinada por unhas tarifas segundo a clase de material dos admisibles que se deposite

<b>MATERIAL DEPOSITADO</b>	<b>PRECIO</b>
<i>A: FRACCIONS ESPECIAIS</i>	
Tubos fluorescentes, lamparas	3,48 € por cada 10 quilos ou fracción
Aceites industriais e vexetais	3,48 € por cada 20 litros ou fracción
Aerosoles	6,93 € por cada 5 quilos ou fracción
Baterías	1,38 € por unidade



Productos químicos (pequenos envases toxicos, bases e disolventes e pinturas)	0,69 € ata 5 quilos Mais de 5 quilos: 6,93 € cada 5 quilos ou fracción
Medicamentos	
Radiografías	
Frigoríficos	6,93 € por unidade
Pilas	0,69 € por unidade
<b>B: RESIDUOS MUNICIPAIS E ASIMILABLES</b>	
Papel e cartón	0,69 € por entrega
Vidro	0,69 € por entrega
Envases	0,69 € por entrega
Chatarra	0,69 € por entrega
Cables de cobre	3,56 € por cada 60 quilos ou fracción
Textiles	0,71 €
Electrodomesticos	2,13 € por unidade
<b>C: OUTROS RESIDUOS</b>	
Escombros	3,48 € por cada 25 quilos ou fracción
Restos de poda	
Voluminosos	

#### **ARTIGO 6. DEVENGO**

O devengo prodúcese cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.